

TEMA 10

O GALEGO NA IDADE MEDIA. A LITERATURA GALEGO-PORTUGUESA MEDIEVAL. CUESTIÓNS XERAIS

I. O GALEGO NA IDADE MEDIA

1. Contexto histórico, social e cultural

1.1.O reino de Galiza na época medieval

- Idade Media**: séculos VIII ou IX (idioma **galego** e época de **esplendor**)
- Características da **sociedade feudal** galega:
 - economía** agrícola e mariñeira, actividade artesanal e comercial (burgos)
 - rígida e desigualitaria **estrutura social** (estamental= rei / nobreza e clero / campeñiños, mariñeiros (rural) e burguesía (vilas e cidades)
 - o **monarca** acumula o poder (enfrentamentos cos nobres)
 - Galicia, **períodos de independencia** fronte á coroa astur-leonesa e castelá (Portugal, 1121)
 - dominio cultural e ideolóxico da **Igrexa** católica (agás na cultura cortesá laica)
 - discriminación** da muller
 - xenofobia** (xudeus) e persecución/marxinación de leprosos, prostitutas, herexes e homosexuais.
- Sociedade con **enfrentamentos e conflitos**

1.2.A Era Compostelá

- Séculos **XI e XII**: etapa de máximo esplendor. Explicación:
 - época de relativa **paz**: os nobres dedícanse a compor cantigas
 - melloras** na agricultura: **excedente** agrario que se comercializa nas urbes
 - crecemento** das urbes e da burguesía: **tensións** co poder (Revolucións Irmandiñas)
 - importancia de **Santiago de Compostela** e o arcebispo Xelmírez (Camiño de Santiago)
 - papel destacado da **nobreza galega** na corte astur-leonesa e castelá
- Esplendor** = arte **románica** e **lírica trobadoresca** galaico-portuguesa (Cancioneiros)
- O idioma **galego** vive o seu período de máximo **prestixio** e plena **normalidade**

1.3.A decadencia socioeconómica e política de Galiza na Baixa Idade Media

- Comeza a **mediados do século XIII** (depende da Coroa de Castela). O esplendor cultural seguirá un século máis. Factores que motivan esta decadencia:
 - independencia de **Portugal en 1121** (Galicia perde peso político)
 - unificación** das coroas noroccidentais de Galicia, León e Castela (1230). Poder político en Toledo.
 - Guerras de sucesión**: 1º- Pedro I e Henrique de Trastámara
2º- Xoana a Beltranexa e Isabel I
 - Chega unha **clase dirixente foránea** (axustizados o mariscal Pardo de Cela en Mondoñedo (1483) e Pedro de Soutomaior en 1486.
 - Estancamento económico** (crise, Peste Negra...)

2. A lingua galega na Idade Media

2.1.A transformación en lingua escrita

- Século **VIII**: o galego ou galego/portugués xa é un **idioma plenamente configurado** (probas en textos escritos)

- Antes:** lingua exclusivamente **oral** usada por individuos de todos os estamentos e en todos os ámbitos da sociedade (agás o relixioso e cultural = latín clásico)
- 1121**, separación política de Portugal pero **a lingua continúa a ser a mesma**. Máis tarde comezará o proceso de diverxencia (galego e portugués)
- Primeiras mostras** de textos **escritos** en galego-portugués son de **finais do século XII-comezos do século XIII**.

- documentos de carácter privado:** testamentos, foros, doazóns...
- documentos públicos institucionais:** actas, edictos e ordenanzas dos Concellos...
- documentos judiciais:** denuncias, sentenzas, autos, recursos...
- documentos eclesiásticos:** dos conventos, igrexas... (o galego alterna co latín)
- documentos científicos e didácticos:** tratado de albeitaría do século XV
- documentos historiográficos:** historia peninsular e universal
- documentos literarios:** textos en verso e prosa, gran prestixio e difusión. Máis de dous mil textos e máis de 150 poetas

2.2. Monolingüismo social oral. A consideración da lingua

- Desde o seu nacemento e **ata o século XV**, o galego foi a lingua de todos e cada un dos diferentes estratos existentes na sociedade galega (**monolingüismo social oral**)
- A partir do **século XII**, comeza a **escribirse en galego** (ademais de en latín). Inexistente presenza do castelán.
- O galego-portugués recibe **o máis considerado dos tratos alén fronteiras** (toda a Península agás a zona dominada polos musulmáns=mozárabe e os condados de Cataluña=provenzal)
- Autores** galegos e portugueses, ademais de casteláns, aragoneses, algún provenzal e xenovés
- A **temática e lugares** das cantigas tampouco son exclusivamente galego-portugueses
- Factores** do emprego internacional do galego-portugués
 - prestixio e poder** do Reino de Galicia
 - especialización por **xéneros** na literatura
 - proximidade estrutural** dos idiomas románicos
 - non existencia da chamada “conciencia nacional”** baseada no feito lingüístico
 - papel da **monarquía e a nobreza lusitanas**

II. A LITERATURA GALEGO-PORTUGUESA MEDIEVAL. CUESTIÓNS XERAIS

1. As orixes da poesía romance

- O **latín** segue a ser a **lingua literaria ata o século XII** (Igrexa)
- Nas **linguas populares** predomina a **literatura oral (cantares épicos)** que florecen desde o século VIII no mundo cultural xermánico; son fixadas por escrito entre os século XI e XIII)
- Adaptacións romances** da épica xermánica = **cantares de xesta** (Francia, *Chanson de Roland*; Castela, *Cantar de Mio Cid*)
- Mediados do século XII** (época de **esplendor**) = xorde a poesía lírica en lingua romance, de temática amorosa, que segue as regras do amor cortés (**poesía trobadoresca**)

2. A cultura trobadoresca en Europa

- Orixe** no sur de Francia: provenzal ou *langue d'oc*. Corte de Poitiers (Guillerme IX e Alienor de Aquitania). Entre 1100 e 1300 é a época dourada da cultura trobadoresca (2500 composicións e case 350 trobadores)
- Fins do século XII e comezos do XIII hai **escolas autóctonas**. Uso das linguas vernáculas.
 - escolas catalá e italiana, que troban en provenzal
 - escola de *trouvères* en lingua francesa
 - escola siciliana, dialecto local
 - minnesänger* en Alemaña

3. Ámbito xeográfico da poesía medieval galego-portuguesa

-A nosa lírica medieval é un movemento no que participan as **cortes de toda a Península** (agás dominio catalán e reino musulmán). Causas:

-grao de **proximidade lingüística** entre os romances occidentais da Península

-**papel preponderante de Galicia** e da nobreza galega no conxunto dos reinos occidentais (Portugal, León e Castela)

-Poder económico-político = **prestixio** cultural e lingüístico

3.1.As vías de penetración da cultura trobadoresca

-**Camiño de Santiago**: une Santiago con toda Europa. Difusión da arte románica, ruta de xogares e trobadores.

-**Monxes de Cluny**

-**Contactos** nobiliares, **campañas** militares e **alianzas** matrimoniais = **novos costumes e modas** cortesás

5. O espectáculo trobadoresco. Autores e intérpretes

-Nas cortes señoriais, **o trobar era unha diversión** = sinal de **refinamento** galante e estatus social

-Das cortes e palacios trasládase ás rúas e prazas = espectáculo (danzas e xogos)

-Poesía + Música = Cantiga (individual ou coral, bailes)

-Axentes culturais que participan na súa creación e difusión:

-**Trobador**: o máis alto lugar na xerarquía social e artística. É poeta e compositor cunha mínima formación musical. Orixe nobre, público aristocrático e sen recompensa económica (Afonso X e D. Dinís)

-**Xograr**: artista ambulante. Non é só música e poesía. Intérpretes das cantigas trobadorescas. Fan acompañamento musical. Poden ser compositores. Ridiculizado polos intentos de subversión da xerarquía social.

-**Segrel**: artista profesional e itinerante. Leva o seu espectáculo á corte e cobra. Ascendencia social na baixa nobreza. Compositor.

-**Xograsas, cantadeiras, danzadeiras e soldadeiras.**

6. A tradición manuscrita

-1680 textos de máis de 150 poetas. 8 manuscritos de extensión e procedencia diversa (unha soa liña xenealóxica común con orixe nunha gran recompilación).

-**Manuscritos contemporáneos** (fins do século XIII ou comezos do XIV)

-Cancioneiro da Ajuda (A)

-Pergamiño Vindel (N)

-Pergamiño Sharrer ou manuscrito da Torre do Tombo (L)

-**Apógrafos renacentistas**: copiados nos séculos XVI e XVII a partir de códices medievais hoxe perdidos (Angelo Colocci = *Tavola Colocciana*, *Arte de Trovar* = Cancioneiro Colocci-Brancuti)

-Cancioneiro da Biblioteca Nacional de Lisboa (B) / Colocci-Brancuti

-Cancioneiro da Biblioteca Vaticana (V) / Cancioneiro da Bancroft Library

-**Tenzón** entre Afonso Sánchez e Vasco Martínez de Resende